NÚMERO 1080 **OUTONO 2026** ANO XLIV

IRIMIA

REVISTA DE CRENTES GALEGOS

Humanidade e **Tecnocracia**

Índice

03 — **XLVIII ROMAXE**
Beatriz Cedrón fai a crónica da Romaxe deste ano, en Santa Mariña de Augas Santas

07-09 — **MAGNIFICA HUMANITAS**
Christina Moreira conversa con Victorino Pérez e Xaime Ortega sobre a última énciclica.

14-16 — **PEGADOSÁ PANTALLA**
Medra a preocupación por toda unha xeración adicta ao móvil e as redes sociais corporativas.

18-20 — **TRANSHUMANISMO**
Entrevistamos Andrea Mazzola, filósofo que denuncia o auxe do transhumanismo.

28-29 — **MEDICINA POPULAR**
O Congreso de Medicina Popular de Vilar de Perdizes chegou á úsa 40ª edición

34 — **ANEIROS NA MEMORIA**
Rubén Aramburu recorda o irmán Antón Martínez Aneiros, recentemente finado

O CARRABOUXO por Xosé Lois

IRIMIA

Edita: Asociación A. IRIMIA
Dende setembro de 1981
Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Miguel Garcia Nogales, Alba Ribas , Christina Moreira, Marisa Vidal Collazo, Rosa García, Ledicia Piñeiro.
Colaboran neste número: Xosé Lois, Beatriz Cedrón, Carlos Vázquez, Xaime Ortega, Andrea Mazzola, Maite Cabanas, Pablo Álvarez, Maria Frá, Manuel Regal, , Rubén Aramburu, Victorino Pérez Prieto.
Correción lingüística: Maite Pérez
Maquetación: Miguel Garcia Nogales
Ilustración da portada: Coletivo 46

Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 450 exemplares
ISSN: 2172-9182
Imprime: Sacauntos
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: https://irimia.gal
Subscricións: 689 858 197 irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros anuais
De apoio: 50 Euros anuais
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

Os límites da nosa **humanidade**



"O único límite da tecnoloxía parece ser a sua capacidade. Por iso, o aumento das capacidades tecnolóxicas é, en si mesmo, un problema sobre o que reflexionar"

O desenvolvemento tecnolóxico pon nas nosas maos un poder cargado de promesas, mais tamén de perigos. O exemplo mais actual é a IA, que un día vén con anuncios de poder acabar co cancro, e ao día seguinte con advertencias de que tamén podería acabar coa humanidade.

O avanzo da tecnoloxía non é só ciencia: é -de maneira moi destacábel- economía, política, antropoloxía, cultura, ética… A reflexión moral e a crítica social teñen toda a cabida nun momento de grandes transformacións técnico-científicas. Tamén a reflexión feita desde a fe en que a orde moral enraíza nunha orde cósmica, e asenta en princípios que só é posíbel perceber e respeitar desde a humanísima relación con Deus, isto é, co Amor.

Quen hoxe alertan sobre a IA, non están a imaxinar robots malvados que poidan chegar a odiarnos. Están a pensar nun poder que, libertado de toda humanidade, será libertado tamén de toda moral, e para o que só terán sentido a lóxica e o cálculo puros. É o dominio da ética utilitarista, para a que o fin xustifica necesariamente os medios, e que dende sempre alimentou a lóxica do poder. O seu único límite é a sua capacidade. Por iso o aumento das capacidades tecnolóxicas é, en si mesmo, un problema sobre o que reflexionar.

Se o Libro da Xénese toca elementos fundamentais da natureza humana, a nosa dificuldade para auto-limitarnos ocupa nel un lugar central. Adán e Eva son incapaces de resistir a tentación de poder e coñecemento infinitos (representados nesa mazá que Apple escolleu como símbolo), e por iso violan o único límite que tiñan, con consecuencias nefastas. León XiV compara a IA coa torre de Babel. Os mitos de Prometeo e de Pandora poden ter unha leitura semellante: son unha advertencia ancestral contra a ansia dos humanos por converternos en deuses.

Na Antiga Grecia, a *hybris* (o traspaso arrogante dos límites) era un dos maiores pecados. De *hybris* vén *híbrido*, aquel que ultrapasa os límites da súa especie ou condición. Mesmo que algúns o desexen, aínda estamos lonxe de ver individuos hibridados con máquinas ao estilo das distopías *cyberpunk*. Pero se pomos o foco no organismo social, en vez de no individuo, veremos que camiñamos xa cara un mundo no que a cultura, o pensamento ou a política deixarán de ser feitos por persoas. As facultades características do espírito, delegadas na máquina. Temos direito a pensar, debater e decidir se ese é o futuro que queremos.

Beatriz Cedrón

A marea irimega volve a Santa Mariña: **un reencontro de fe, música e loita pola Terra**

Botando contas ao chou, ben poden ter pasado máis de corenta anos dende a última vez que acudín a unha romaxe irimega. Mesmo nin lembro ben onde fóra, e á miña memoria só asoma un lugar amplo nun entorno rural, un ferve-ferve de persoas e un palco con varias irimegas e irimegos cantando e celebrando.

O caso é que na mañá do día 12 de setembro, naveguei pola brétema persistente e amarrei o batuxo en Santa Mariña de Augasantas, sen saber moi ben que ía atopar. De entrada, dei co Guieiro fouciño en man acondicionando o espazo de benvida, onde **Gloria e Mario** acollían e daban as explicacións pertinentes ás romeiras que ían chegando, e **Carmen e Alfonso** deixaban caixas de mazás saborosímas no posto, xunto co café e o leite. Dende as 10:30 xa baixaban irimegas coma río en pendente procedentes do leira-parquin, perfectamente organizado por **Marta e Luar**.

Recepción, logo, amorosa e perfecta e xa, a primeira na fronte: asinar a ILP para a creación de Áreas de Restauración Ecolóxica. Non hai tempo que perder! Porque, como apuntou alguén máis tarde, hai quen vai da Fe ao activismo e quen fai o camiño dende o activismo á Fe, mais o caso é ir chegando.

Arribaron ao redor de 300 persoas dende todas as esquinas do país: Taboadela, Noia, Coruña, Ponte Caldelas, Vigo, Paderne, Brión, Lugo, Moaña, Cerdedo, Santiago,... para tomar parte nunha romaxe que agradece especialmente a participación e a axuda de **toda a veciñanza de Santa Mariña de Augasantas**, ao veciño e irmao **Estraviz**, a **Antonio O Ferreiro e Maricarmen**; a **Eduardo**, o párroco; a **Xosé Ramón** de Taboadela, ao equipo de "cregos-Pro" de Ourense que acolleu a organización e a todas as persoas, irimegas e non, que alí estiveron ao longo do día.

Por volta das 12:00 aínda non comezara a xuntanza, que só demorou uns poucos minutos máis. Recordaba máis xente e de idades máis mesturadas, pero percibín un inconfundible xeito de estar por querer estar, por compartir con outras. E tras o aviso de **Alba** de que por fin había baños burgueses, con auga corrente e luz para quen os precisase grazas á xenerosidade da asociación veciñal, comezou o encontro.

Ao abeiro da sombra do lateral da igrexa, cando Guadi Galego deixou de soar, as palabras de **Xosé Lois**, o Guieiro, brotaron a través dun fío que sucou as augas de

Recordaba máis xente e de idades máis mesturadas, pero percibín un inconfundible xeito de estar por querer estar, por compartir con outras

moitas das romaxes anteriores. Eran verbas tecidas polas mans de **Miguel**, quen rebulía seguido por todas partes, e sobretodo de **Dani**, cuxo espírito pairou por Santamariña todo o día e foi tantas veces nomeado.

O Guierio arrancou coa benvida: a quen dubida, a quen non cre, a quen é indiferente, a quen lle deu mal ao Google Maps e rematou alí... á diversidade. Despois, a lembranza doutros portos, doutros encontros que axiña conecta coa reivindicación das augas que hoxe están en perigo, e que máis tarde levarían á intervención na xuntanza da **AA.VV. das Conchas** (Lobeira) defendendo o dereito das comunidades e das persoas a ter unha auga limpa (outravolta a reivindicar...).

Mais antes de que iso acontecese, gozamos da versión lixeiramente adaptada da lenda de Santa Mariña... Unha lección de dignidade fronte ao poder que foi seguida de toda unha representación en ton lila na que Mariña chantoulle os marcos ao seu pai, Teódulo, quen non estaba para facer mansplaining, precisamente. E, polo medio, as palabras das propias augas, que ondeaban alertando dos perigos dos discursos que nos queren seducir, entre a música e os recitados de **Bea a de Estrella** e de **Mero** e Cía.

A seguir, unha reflexión importante sobre o regreso intelixente (fronte ao "progreso") ao respecto ao medio natural, á responsabilidade individual e comunitaria, ao compromiso coa Terra.

Despois da intervención do marabilloso Estraviz, a quen tanto lle debemos as galegas e galegos, do Noso Pai-Nai e a lectura conxunta (algo realmente fermoso) arribou a comuñón entre música ("Ondiñas veñen e van"), baile, apertas, cantos e unha ledicia, unha normalidade que deixa atónita e que estende finalmente as augas por todos os recunchos.

De remate, o atraque nun Berro seco que fixo tremer as pedras: por Mariña, polas de antes, polas de agora e polas que virán; polas persoas migrantes, refuxiadas e polas de Palestina; e pola defensa da Terra, á que é preciso protexer e coidar para as e os que veñan detrás.

Así que visto todo o vivido en Santa Mariña de Augasantas: os encontros, o reivindicado, o celebrado, o compartido e o sentido, se nos deixan, haberá que seguir a navegar...

Carlos Vázquez G.

Estamos en guerra pero hai que reflexionar

Co inicio deste curso, coido eu, ábrese neste país unha etapa, máis ou menos longa, pero toda ela condicionada pola inmediatez das eleccións xerais. Eleccións que se van producir nun clima político de agre confrontación partidaria, en tempos convulsos e nun marco político global onde as plutocracias, ou por mellor dicir "cleptocracias", aspiran a asumir todo o poder político dos Estados, para estableceren una nova orde mundial que deturpe as democracias formais e someta as administracións públicas aos seus intereses, aos seus negocios e, en definitiva, á cobiza dunha "nomenklatura" radicalmente neoliberal, eliminando ou reducindo ao mínimo os controis sociais e democráticos.

Para acadaren estes obxectivos, ademais das batallas culturais, do control crecente das canles informativas, das operacións militares, das guerras preventivas e mais das outras e mesmo de xenocidios teimudamente programados, a "nomenklatura cleptócrata" conta con instrumentos políticos que están a revelarse altamente eficaces. Estes son os partidos e asociacións da extrema dereita impulsadas e xenerosamente financiadas polos promotores, por unha parte. E por outra, partidos conservadores e liberais, tradicionais, debidamente contaminados polas doutrinas políticas, populistas e violentas, afíns aos principais movementos fascistas e ditatoriais do século XX, que os converten, de facto, en organizacións subordinadas de dereita extrema. En España, este papel bífido xógano, principalmente, VOX e o PP.

Ante as próximas eleccións xerais, coido que vén moi ben a consigna dos Resentidos: "Estamos en guerra pero hai que reflexionar". Cómpre decatarse, para empezar, de que o actual mapa político español non permite maiorías absolutas de ningún partido, tal como era posible, para o PSOE ou o PP na etapa, un tanto "turnista", do bipartidismo. Hoxe teremos que elixir, votando partidos, entre dous bloques que necesariamente conformarán gobernos de coalición: o bloque da dereita extrema e da extrema dereita, do PP e VOX, ou o bloque de centro esquerda entre o PSOE e partidos das esquerdas e das dereitas, xenuínas e convencionais, nidiamente democráticas.

Escollido o bloque, queda pensar a que partido votar. Nesta conxuntura débese ter en conta que, co sistema electoral vixente, pode moi ben suceder que un dos bloques, tendo máis votos electorais, consiga menos escanos, o que obriga a calcular o mellor posible que papeleta escoller. En fin, a cousa non é doada e, consecuentemente, é natural que, ao cabo, as convicción de cadaquén sexan o máis determinante.

En todo caso, deberemos saber que ningún dos resultados posibles acabará decontado ou a medio prazo coa agre confrontación política e os tempos convulsos que vivimos. Pero, iso si, o grao de agresividade e incluso de violencia política, a mingua de dereitos elementais e o nivel de benestar colectivo das clases traballadoras, medias e máis modestas pode ser ben distinto, segundo se fagan co poder as dereitas extremas ou as forzas de centro esquerda. É coma se tivésemos que escoller o menor entre dous males.

Hai que reflexionar, mais tamén levalo con humor e, recorrendo ao refraneiro, escoller entre "de perdidos, ao río" ou "ben vai o carro se non cae". Tamén poderiamos seguir o consello do de Loyola: "En tempos de desolación non facer mudanza", que non quere dicir absterse.

Christina Moreira

MAGNIFICA HUMANITAS

Conversamos co teólogo **Victorino Pérez** e co científico **Xaime Ortega** sobre a primeira Carta Encíclica de León XIV

Facemos esta entrevista para Irimia a un teólogo e un científico, para que a xente saiba un pouco mellor que podería topar na encíclica de León XIV "Magnifica humanitas"; e quizais lle dea por lela. Eu lina e pareceume que era ben interesante; a pesar de que normalmente a xente de a pé non lemos as encíclicas por aburridas, esta lese ben.
Non sei que vos parece a vós. Se merece a pena que calquera a lea ou non.

Xaime: *Magnifica humanitas* é de doada lectura. Pareceume útil que fixese un travelling pola historia do pensamento social da Igrexa desde a *Rerum Novarum* de León XIII, recoñecendo que os séculos XIX e XX trouxeron problemas novos. Aínda que o pensamento cristián está no Evanxeo, a historia é creativa e aparecen novos problemas; hai que enfrontarse a eles con ferramentas novas. O recoñecemento e humildade de que o pensamento cristián tamén ten que acoller os resultados doutros pensamentos e resultados científicos pareceume importante.

Victorino: Esta encíclica e a *Laudato si* de Francisco teñen dúas características comúns: Primeiro a soberana actualidade; actualidade que tiña tamén a *Rerum Novarum* de León XIII, e por iso tivo tanta relevancia. Mais esta toca temas candentes hoxe; non se pode dicir que aquí a Igrexa ande polas nubes. E segundo, unha linguaxe directa e actual, que a fai doada de ler. A primeira parte, que ocupa

"Asistimos a un bombardeo de noticias que forman parte dunha campaña de márketing para impulsar esta nova tecnoloxía"

Xaime Ortega

case a metade da encíclica, sitúa a doutrina social da Igrexa para facer logo os xuízos da intelixencia artificial (IA).

Poderiades cada un salientar as ideas que veñen na encíclica en termos de utilidade e enriquecemento para a xente? Que nos achegan, que novidades traen?

X: A min o capítulo fundamental paréceme o 3, onde o papa aborda o que está en xogo: a interacción entre IA e a persoa humana, asunto central no contexto no que estamos. Estamos asistindo a un bombardeo de noticias que, ás veces, non sabemos como axuizar, porque forman parte dunha campaña de márketing para impulsar esta nova tecnoloxía. A encíclica mantense no pensamento cristián, afirmando a dignidade irrenunciable do ser humano e o valor das súas limitacións. Tratar de ultrapasar esas limitacións con movementos filosóficos coma o *poshumanismo* e o *transhumanismo* pode acabar cuestionando os valores profundos do ser humano, ante desexos de maior eficiencia que casan ben co modelo economicista que vivimos.

V: Hai dous capítulos que son os que máis achegan. Como dicía Xaime, o capítulo 3 é o capítulo central; mas tamén o capítulo 5, que fala da IA como expresión da cultura de poder. O problema da IA non é a súa realidade en si, unha achega científica-tecnolóxica útil. O problema é o discernimento moral e espiritual desta. Que supón realmente a IA, alén do seu valor científico? Supón unha afirmación máis rotunda do poder establecido; a IA leva aos que teñen máis poder a que teñan aínda máis poder. Controlar a IA é controlar e influír de maneira decisiva na xente para os intereses dos poderosos, as perspectivas do imperio. Unha das aberracións maiores é que unha decisión bélica a faga non un ser humano mas si unha máquina. Das primeiras cousas que di é que non se debe de confundir intelixencia *artificial* con intelixencia *humana*; a intelixencia artificial fixémola os humanos.

Isto é un texto que fai un papa, e repite "eu"; penso que tería sido mellor engadir a escritura inclusiva e algún "nós", deixando ver quen colaborou para que fose unha obra máis coral. De aí a miña pregunta pola súa lexitimidade: a autoridade dun líder da relixión maioritaria que pretende levar o Evanxeo nas mans. Que lexitimidade ten hoxe a Igrexa Católica Romana para dar estas leccións ao mundo? Poderá toparse con xente que diga: ti quen es para vir a dicirme a min estas cousas, cando non estás dando exemplo en moitas? A encíclica di que é importante ter a casa ben ordenada para empezar a ordenar a dos demais.

V: A de León XIV é a primeira, mais eu creo que se nota nela a formación científica do Papa. Outra cousa é a ausencia dunha linguaxe inclusiva, o que a min tamén me parece moi grave; debería de ser hoxe completamente asumida en todos os documentos eclesiais, mas está sempre ausente. En fin, de cara ao mundo, a autoridade dun escrito da Igrexa creo que ten que nacer do propio escrito; se acerta nas súas análises e nos seus diagnósticos. Eu creo que neste sentido topará acérrimos detractores e moitos defensores; máis defensores que detractores, porque o que di é moi certo: non podemos deixar que os máis poderosos teñan cada vez máis poder e nos controlen.

X: Eu coincido con isto que di Victorino; tanto Francisco como León están sabendo gañarse un espazo e unha aceptación dentro dos ámbitos non eclesiais. Porque abordan temas que non son puramente doutrinais, senón que afectan á humanidade no seu conxunto: o coidado da casa común e esta nova realidade do noso tempo. Esta aborda temas que temos enriba da mesa: a dignidade do

"O problema é moral e espiritual: alén do seu valor científico, a IA leva ao poder establecido a acumular aínda máis poder"

Victorino Pérez



propio traballo pode ser substituída pola automatización, o desemprego pola destrución de postos de traballo, un control social que xa estamos vivindo cada vez máis nas redes sociais, impulsadas pola IA, que vai creando unha sociedade cada vez máis fragmentada, máis facilmente manipulable.

Imos abordar agora o que interesa máis ao noso ser cristiáns cunha frase que me parece moi cos valores do Evanxeo: "Trátase de protexer o dereito á esperanza e a permanecer na terra propia en paz e seguridade" (nº 81). Estamos vendo que a IA tenta ocupar o espazo que ocupa Deus para moita xente: o que ten o poder, a referencia última nos temas do ben e do mal, a normativa moral e política. Se é que a IA vai medrar e chegar a tomar decisións por nós, como teriamos que posicionarnos os cristiáns e as cristiás desde o Evanxeo para reaccionar? Pediríavos exemplos concretos, sobre o que nos compre facer se a IA nos manda desobedecer o que nós entendemos pola observancia do esnsino de Xesús. Non nos estará levando a unha nova nova teoloxía da liberación que temos que ir pensando?

V: Aí é onde está a importancia da primeira parte: o elemento fundamental da doutrina social da Igrexa é o valor inviolable da persoa humana. Aínda que neste sentido a Igrexa non sexa consecuente co que di, a mensaxe está clara. Ti como muller dáste de conta de que a Igrexa non respecta o valor da persoa humana porque a muller non está en pé de igualdade co home. Como dicía Ireneo de Lyon "A gloria de Deus é a vida do humano".

X: En efecto, a cousa decisiva é en mans de quen está a IA. Parece que o seu futuro estaría nunhas poucas mans que tratarían de convertela nun inmenso negocio para paliar a grave crise da civilización occidental neoliberal. Os problemas reais da humanidade son complexos, mas non no sentido de que requiren esas habilidades para as que o noso cerebro é limitado. Este é limitado, mas é o produto de millóns de anos de evolución vivindo en comunidade e resolvendo nela os nosos problemas.

V: Creo que coa IA ocorre algo parecido ao que dicía ese grandísimo científico que foi Niels Bohr, cunhas verbas citadas no libro de Ken Wilber *Cuestiones cuánticas*: "Nós traballamos coa ciencia, que é moi útil e resolve moitos problemas; por iso son científico. O problema que ten a ciencia é que non é capaz de abordar as cousas máis importantes do ser humano, como son o amor e a misericordia, a xustiza, a beleza es as preguntas polo alén".

Para rematar, centremos a reflexión na fe, debemos topar argumentos desde a ciencia e desde a fe. Xesús, se ven agora e asiste a todo isto, que vos parece que diría?

V: Creo que o que diría Xesús é que o importante son as persoas, coa súa capacidade de responder aos seus problemas desde unha introspección profunda e o amor. Somos algo máis que "monos espidos" (Desmond Morris), somos máis que materia, somos espírito. A grandeza do ser humano é precisamente ese espírito divino na carne. Na IA non funciona nin a misericordia, nin a compaixón, nin o amor; é unha *intelixencia* deshumanizada. Mas aló do ser humano, está Deus, non pode estar unha máquina. Creo que sen a profundidade do ser humano, aquilo que nos achega máis a Deus, e sen ese alén que vai máis das miserias de cada día, non me merece a pena este mundo.

X: A persoa por encima de todo, iso é o que diría Xesús.

Segue connosco até a fin do mundo, como prometeu a pesar de todo.

Christina Moreira

"Mestre, ¿cal é o mandamento máis importante da Lei? El respondeulle: Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todo o teu entendemento. Este é o mandamento primeiro e máis grande. O segundo é semellante a el: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo." (Mt 22,36-40)

AMAR A DEUS

O mandamento meirande semella ser o menos comprendido, o menos doado de realizar. Hai mandamentos asumibles, entre os 10 chamados así, para as nosas febles constitucións, que pertencen ao campo da ética, do facer ou non facer. Podemos, en teoría, pasar sen roubar, sen mentir, sen dar falso testemuño, podemos coidar aos pais con respecto, non devecer polos cónxuxes doutras persoas, e se non damos feito, sabemos o que significa e visualizamos o que supón o cumprimento. Observamos que incumprimos abundantemente, en colectivo e individualmente.

Un mandato de amar é un imposible, un auténtico oxímoro, as palabras amor e mandato non cadran a xeito nunha mesma frase. Desde cando o amor se pode decidir e exercer pola mera vontade? A maioría estamos afeitas a vivir os namoramentos como incidentes incontrolables... Os outros amores? o parental vén regalado disque polo instinto ou as hormonas, non precisa de moito esforzo, o amor propio poida que sexa o máis difícil... e sen este non hai amor do próximo, tampouco se fai posible xa que logo o amor a Deus. Así é na nosa cultura e nas que nos circundan. Mais hai pobos onde ese concepto non existe. Onde se dá un apego mais non se entende o amor romántico e menos a paixón como o facemos nós. Mesmo é unha cuestión filosófica que alguén como Shopenhauer resolveu dicindo que o amor é unha ilusión, unha trampa creada pola natureza que procura a supervivencia da especie.

Aquí pescudaremos precisamente o que Xesús, e o seu pobo, entendían por amor. Atendendo a que estamos nun contexto hebreo, nel as palabras importan xa que teñen o poder de realizar o seu contido polo simple feito de pronuncialas. Recordemos que a palabra que se traduce por "mandamentos" no contexto do decálogo de Moisés, significa "as palabras", unhas palabras que encetan un pacto, que comprometen polas dúas partes, que invitan a comunicar, que crean un vínculo, compromiso que enche mente, corazón e todo o ser, un compromiso de amor. Son preceptos, invitación a entrar en relación e non meras ordenanzas morais. A moral é consecuencia natural lóxica da fidelidade a esa Palabra, pronunciada para o ben, non para a submisión e menos o abuso.

Como cristiá e católica, agardaredes que vos traia as vías reais do amor de Deus, nas dúas direccións que son a

"Sempre me impactou esa baixada de chanzo que fai Xesús, proba do seu amor absoluto e de divina humildade. Impacto que, desde a miña propia incapacidade por dalo todo malia o impulso que vai por dentro, só me leva a amar a Deus Paciencia infinita e eterna, Xenerosidade sen fin. Ese amor sen marcos nin teito, recibido e acollido é o que rebenta os valados que coloquei para amar o xusto. Cando o preciso, volvo a este evanxeo."

Igrexa, os sacramentos e sobre todo o sacramento do irmán, da irmá. Coido que de tan coñecidos xa nin seguiriades a ler. Mellor vaiamos a Xesús, a única mediación que nunca falla.

Para o amor Xesús podía recorrer a *ahava*, a palabra hebrea que se emprega tanto para amar a Deus como para o namoramento (p. ex. no Cantar dos Cantares). Existía en paralelo *jesed*, amor profundo das entrañas, o que se sente desde o ventre, o útero materno que se adoita traducir como compadecerse. E Xesús, sentiu e falou como pouco deses dous. Como as súas palabras nos chegaron pasadas ao grego, idioma rico en amores variados, propoño irmos a unha escena que acontece despois da cea que seguiu á pesca milagrosa, nunha sobremesa intensa. Entremos sen sospeitas textuais por favor, só por esta vez.

"Cando xa comeran, preguntoulle Xesús a Simón Pedro: Simón de Xoán ¿ámasme máis ca estes? El contestoulle: Si, Señor, ti sabes que te quero. Xesús díxolle: Apacenta os meus años. E de novo preguntoulle por segunda vez: Simón de Xoán, ¿ámasme? El respondeulle: Si, Señor, ti sabes que te quero. Xesús díxolle: Apacenta as miñas ovellas. E preguntoulle por terceira vez: Simón de Xoán, ¿quéresme? Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez "¿quéresme?", e respondeulle: Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero." (Xn 21,16-17)

A pregunta non inquire sobre bolboretas no estómago nin latexos tolos do corazón e tripas revoltas, pregunta polo amor *agapé,* traducido por amar e que na orixe contén o significado de acoller, recibir, acariñar e de compromiso (ver Erich Fromm *A arte de amar*). Pregunta dúas veces con ese verbo e Pedro resposta con outro, *phileo,* ai! Non é quen de comprometerse ata onde lle pide, ofrece o que pode, o que ten, humildemente: amizade, afecto... diría algo así como "quérote ben". Tiña fresca a memoria das negacións e a punzante conciencia dos seus límites que esta experiencia lle deu. Na terceira pregunta, Xesús adapta a pregunta a esa resposta e cambia o verbo. Acata e recolle o que Pedro pode darlle. Resérvase o *agapé* para el. Xesús ama así, completamente, sen recámara, con entrega do ser total, acollida e tenrura infinita que implica a toda a persoa, pero entende que Pedro, que nos representa a todos e todas, non pode prometer tanto. Sempre me impactou esa baixada de chanzo que fai Xesús, proba do seu amor absoluto e de divina humildade. Impacto que, desde a miña propia incapacidade por dalo todo malia o impulso que vai por dentro, só me leva a amar a Deus Paciencia infinita e eterna, Xenerosidade sen fin. Ese amor sen marcos nin teito, recibido e acollido é o que rebenta os valados que coloquei para amar o xusto. Cando o preciso, volvo a este evanxeo.

Neste asunto pouco pode a mente ou a vontade, sobre todo cando o sufrimento e pesares nos sufocan. Sinto non ter máis receita que esta, sentir como Xesús me crava os ollos preguntándome "ámasme?" igual que o faría un meniño ou un cadelo perdido e famento.

Explicaba hai días que *eleison* pode ser traducido doutra maneira que por *Ten piedade de nós* pois ten que ver con ese amor *jesed*, a misericordia que queima por dentro, sensación física, ante quen sofre. Invito a quen o precise, cando o precise e todas as veces que o precise que o traduza, lexitimamente, por *Ven, dáme unha aperta por favor*, ou *faime sentir os teus brazos rodeándome*, ou simplemente *Socorro que isto doe de máis!* O que che saia da alma querido irmán e irmá. Iso é o que vas berrar ou chiar por dentro. Dálle forte que escoita. Non o digo eu, prometeuno Xesús.

Xa sei que non é un argumento teolóxico de peso pero é un testemuño de quen o fai e dá fe que a resposta non tarda.

Porque, sabes unha cousa?, non se trata tanto de amar a Deus senón de deixarse amar por El/a e non ter vergoña de pedirlle que o faga. Abdicar do mandato, que non existe tal. Abdicar do esforzo e deixarse levar, sen resistir, a ser neno, a ser nena outra vez, no colo da Nai. Sobre todo cando hai urxencia, medo, dor, tristura extrema... Para cando nin iso poidas so pronuncia ámote, de vagar e con sinxeleza, unha e outra vez. A oración, sempre, básica, visceral, respiración do ser.

Maite Cabanas

FESTA DA MADALENA CON BEGONHA CAAMANHO

O 26 de xullo as Mulleres Cristiás Galegas Exeria xuntámonos na Praza Exeria, en Compostela, para celebrar a festa da Madalena. Cada ano lla dedicamos a unha muller, e este ano a elixida foi Begoña Caamaño. A nosa compañeira Maite Cabanas presentounos a Begoña.

BEGONHA CAAMANHO RASCADO,
cunha estrela na fronte.

A súa familia materna era orixinaria dunha aldea pontevedresa de A Caniza. Ela nace en Vigo, críase no barrio do Calvario nunha casa a carón da das súas avoa e bisavoa; a súa infancia vai estar inzada de xogos na rúa, cine e os poemas e contos lidos ás noites pola súa nai para ela e a súa irmá e irmáns. Na adolescencia vai vivir ao barrio de Coia e alí remata os estudos de bacharelato.

Decide estudar Maxisterio e ao terminar a carreira busca traballo na radio, pasando por diferentes emisoras. Segue as mobilizacións obreiras (do metal, da fábrica Álvarez) da súa cidade natal, e esa parte do traballo como xornalista, pegada ao que sucede con respecto e o compromiso de informar á cidadanía con rigor e veracidade vai vertebrar sempre o seu labor. Despois de Radio Noroeste e Radio Popular, recala na Radio Galega. Begoña Caamanho dirá “eram tempos em que acreditávamos que estávamos a construir uma rádio para um país”. Traballará na emisora de Vigo primeiro e logo en Santiago.

Na Radio Galega levará adiante varios proxectos de seu, un deles Andando o mundo con sintonía de Berrogüetto, tamén Club Cultura, Expreso de medianoite e vai colaborar no Diario Cultural que dirixe Ana Romaní. Afíliase na Converxencia Intersindical Galega (futura CIG). “Há que mudar as leis e implicar-se ativamente na construçõm dum modelo público de meios de comunicación que nos faga máis sabi@s e máis livres”.

Colabora con A Nosa Terra, Tempos Novos, a revista antimilitarista Ar!, a revista de pensamento feminista A festa da palabra silenciada e en cadernos e documentos da organización feminista Mulheres Nacionalistas Galegas.

Andando o tempo vai atoparse con acontecementos (crise do Prestige entre outras) que van pór de relevo a fraxilidade de manter o rigor e a transparencia nas informacións. “cando empecei a traballar cría firmemente no que facía... logo topei coa censura e coa creación dunha maquinaria para enganar que non me interesaba”.

En Compostela nace a Begoña escritora ou contadora de historias como ela se referenciará: “recoñézome nesas mulleres que foron portadoras de historias, aínda que as máis das veces non tivesen acceso á literatura escrita”.

Un momento do acto celebrado na Praza Exeria, en Santiago de Compostela

"Cando empecei a traballar cría firmemente no que facía... logo topei coa censura e coa creación dunha maquinaria para enganar que non me interesaba"

Cando ten 45 anos, e nun período de baixa por depresión, comeza a escrita de Circe ou o pracer do azul, no 2009, a primeira novela dunha triloxía, seguiralle Morgana en Esmelle, no 2012. Con estas dúas novelas pretende reescribir os mitos que están na base da nosa civilización, dándolle voz ás mulleres, non en exclusiva, pero si desde unha nova perspectiva. A primeira novela será a recreación das voces de dúas mulleres, Circe e Penélope, que comezan tanteando os sentimentos de ambas sobre o mesmo home e rematan atopando a chave da propia vida: o Eu tamén navegar que anunciara a poeta Xohana Torres; aquí Begoña Caamaño consegue emocionarnos e adentrarnos no ambiente da Grecia clásica dende o idioma de noso. Coa segunda novela, Morgana en Esmelle, pasa da mitoloxía grega á mitoloxía celta, parte doutro dos alicerces do noso mundo atlántico, o ciclo artúrico, seguindo o ronsel de Cunqueiro, Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana.

Nunha das cartas que intercambian Chus Nogueira e Ana Romaní din que tanto a primeira como a segunda novela, "máis aló do protagonismo feminino, son "novelas sobre o mundo", é dicir, sobre o amor, a violencia, a xustiza, as opresións, o poder. Novelas dende o feminismo, atravesadas por esa práctica de análise política e instrumento de transformación social".

A terceira novela ía ser arredor da figura de Xerezade, que consegue sobrevivir coa estratexia de contarlle un conto á súa irmá Duniazade antes do amencer, pero este derradeiro proxecto -e a novela sobre a súa bisavoa- non vai poder desenvolvelos porque morre dez días despois de facer os 50 anos, en outubro de 2014.

Un ano despois da súa morte, un grande grupo de amigas faranlle unha homenaxe e sacarán O libro das amigas. Doce anos despois, a Real Academia Galega decide que ela sexa a autora celebrada ao longo deste 2026.

Convidámosvos a buscar en youtube a canción de Frank Delgado *Utopías*, dedicada a ela. a reler a carta de despedida que lle escribiu a Uxía Senlle, e tamén a ler as súas dúas novelas. Que a grandeza de Begoña nos leve a sentir a nosa propia.

*O que aparece con comiñas son frases tomadas dalgún destes tres libros que recomendo para achegarse á nosa autora: **Volveredes brindar por min**, das súas amigas Ana Romaní e María Xesús Nogueira; **Begoña Caamaño xornalismo para a cidadanía,** da súa compañeira de profesión María Xosé Porteiro; e o imprescindíbel **Begonha Caamanho uma das nossas** de Charo Lopes, Lara Rozados e Isaac Lourido.

R.R

O SCROLL INFINITO

QUEN EDUCA OS NOSOS FILLOS?

A intelixencia artificial, os móbiles e as redes sociais están a transformar a maneira na que os adolescentes aprenden, se relacionan e ocupan o seu tempo. Familias, docentes e psicólogos discrepan nesta reportaxe sobre cando poñer límites e como preparar a mocidade para un mundo dixital no que a AI ofrece respostas inmediatas, pero carece de humanidade. O reto non é escoller entre tecnoloxía e educación. É decidir que lugar ocupa cada unha.

A mocidade ante as pantallas



75%

do alumnado galego de 5.º e 6.º de Primaria (10 a 12 anos) ten teléfono móbil.

15,5%

do alumnado galego de 14 a 18 anos presenta un posible uso compulsivo de internet.

19,9%

das rapazas presentan un posible uso compulsivo de internet, fronte ao 11,1 % dos rapaces.

Fontes: V Enquisa de diagnose da convivencia escolar 2025, da Xunta de Galicia; e ESTUDES 2025, informe de Galicia.
Nota: O uso compulsivo de internet é un indicador de posible uso problemático, non un diagnóstico de adicción.

Un rapaz de 14 anos chega ao instituto despois de pasar máis de unha hora diante da pantalla. No recreo apenas fala cos compañeiros. Á tarde fai os deberes coa IA, consulta TikTok mentres estuda e remata o día con catro horas de redes sociais.

É unha escena posible na vida de moitos adolescentes. O móbil, as redes e a IA ocupan cada vez máis espazo no estudo, no ocio e nas relacións. Facilitan información e comunicación inmediata, pero tamén suscitan preguntas sobre atención, saúde mental, autonomía e o papel dos adultos.

Isabel Álvarez, portavoz de Adolescencia Libre de Móbiles de Galicia, lembra o momento no que comezou a preocuparse polo uso dos teléfonos entre os menores. Foi durante un almorzo familiar. Os seus sobriños, de entre 12 e 14 anos, estaban cos móbiles diante. "Non cruzaron palabra con nós", conta. A partir daquela experiencia comezou a observar outros adolescentes e a buscar información sobre os efectos do uso intensivo das pantallas. O colectivo defende atrasar a entrega do smartphone e reducir a presión social que leva moitas familias a darlles un teléfono "porque todos o tiñan".

Desde 2023 promove un pacto de familias para atrasar ese momento. Segundo Álvarez, xa son máis de 33.000 as familias adheridas. A proposta non consiste en deixar os menores incomunicados. "Poden ter tecnoloxía, pero non barra libre dixital", resume.

Algunhas familias optan por teléfonos sen internet ou reloxos intelixentes e propoñen utilizar ordenadores en espazos comúns, con filtros e controis parentais. Non sempre é sinxelo. "Queixanse? Ás veces de que non se enteran de que falan os compañeiros porque saíu algo en Instagram", recoñece.

A súa preocupación abrangue tamén as redes. Ao seu xuízo, están deseñadas para manter os usuarios diante da pantalla mediante o scroll infinito, os algoritmos e os estímulos constantes. "Ti es o produto e os anunciantes son os clientes", sinala.

O profesor: Deixar de confiar nun mesmo

Na aula, Jesús Juan Casal Taboada, Suso, profesor de ESO e Bacharelato en La Salle, Santiago, observa como a IA está a cambiar o traballo escolar. O alumnado pode consultar información, resolver dúbidas e obter explicacións en poucos segundos. Pero chegar á resposta non significa necesariamente aprender.

"O que me dá máis medo é que unha persoa deixe de confiar en si mesma e pense que só vai poder facer cousas coa IA", afirma.

Suso non defende endemoñar a ferramenta. "A maioría das persoas educadoras entendemos que isto chegou para quedar e que teremos que coñecelo". A IA pode axudar no traballo docente, pero é necesario identificar os usos incorrectos e ensinar o alumnado a empregala con criterio.

O profesor insiste en que a educación non consiste só en transmitir información. "A educación é social, e o educador desempeña un labor esencial nesa sociabilidade". Unha máquina pode explicar contidos, pero non substitúe o docente na xestión dos conflitos, na escoita ou na construción das relacións. "A forma de transmitir as ideas nunca, creo, vai chegar a ser tan boa como tendo un bo profesor", afirma.

O psicólogo: A AI non sente

Ricardo Fandiño Pascual, vicedecano do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e coordinador da Comisión Intersectorial da Infancia e da Adolescencia, sitúa o foco na relación dos adolescentes coa espera e coa frustración.

"Vemos unha dificultade crecente para tolerar a espera, o non-facer, o aburrimento, o silencio sen

RICARDO FANDIÑO
PSICÓLOGO

"Unha IA non desexa, ten unha forte tendencia á validación e polo tanto non che devolve unha imaxe de ti, devólvete unicamente un eco"

ISABEL ÁLVAREZ
ADOLESCENCIA LIBRE DE MÓVILES

"Prima o obxectivo de que os usuarios pasen o máximo tempo diante da pantalla. Ti es o producto e os anunciantes son o clientes"

JESUS JUAN CASAL
PROFESOR

"Eran máis creativos, e que desenvolvían máis as súas posibilidades. Facían as cousas entre varias persoas, eran menos individualistas"



ROGELIO CARBALLO | CONFAPA GALICIA

"O que está pasando nos colexios é que estamos renunciando a educar no uso correcto e produtivo da tecnoloxía"

estímulo", explica. A dispoñibilidade inmediata de contidos e respostas pode facer que os momentos sen actividade se vivan con maior incomodidade. "O baleiro que debería ser o berce da imaxinación e o descubrimento agora se vive como unha ameaza", sinala.

Fandiño observa tamén dificultades para manter a atención en tarefas longas: "Ler un texto enteiro, seguir un razoamento en varios pasos sen buscar un atallo, reter información na memoria de traballo en vez de delegala inmediatamente nun buscador ou nunha IA".

A súa proposta non é eliminar as ferramentas dixitais, senón recuperar o esforzo mental. "Non se trata de prohibir ferramentas, senón de construír a tolerancia ao esforzo mental sostido". Para o psicólogo, a IA pode ser útil sempre que non substitúa as relacións humanas. "A IA responde, pero non ofrece testemuño dunha vida experienciada". Un profesor, unha nai ou un psicólogo recoñecen o adolescente, acompañan as súas dúbidas e poñen límites. "A IA non sente e polo tanto a información que transmite está desencarnada", afirma.

O problema aparece cando a ferramenta se utiliza para evitar dificultades. "Cando lle pide que o valide, que lle dea a razón, que resolva os seus problemas, que evite os erros ou que sexa testemuño da súa vida", explica.

Se tivese que escoller unha capacidade que non debería perderse, Fandiño sinala "a capacidade de tolerar a frustración que supón o desacordo, de entrar en contradición con outro e seguir en relación con el". Trátase de aceptar que non todo o que se escoita gusta e que os demais non sempre están dispoñibles.

As familias: Ensinar a usar, non apartar

Rogelio Carballo, presidente da Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos, (CONFAPA) que representa a 100.000 familias, considera que o debate sobre os móbiles e a IA está marcado por unha visión excesivamente negativa. Desde a súa organización defende que a escola debe ensinar a utilizar correctamente as ferramentas dixitais.

"Estamos renunciando a educar no uso correcto e produtivo da tecnoloxía", afirma. Para Carballo, o móbil non é un problema en si mesmo. "Un móbil é unha ferramenta en branco". Pode servir para comunicarse, organizar tarefas, colaborar, aprender ou crear.

O seu uso, con todo, pode ter consecuencias negativas. "Se o emprego do móbil polo rapaz consiste en libertinaxe en redes sociais e consumo irresponsable de contidos, obviamente isto pode provocar problemas serios", admite. Pero considera que tamén existen usos educativos que non deben desaparecer.

Carballo lembra que os adolescentes utilizarán estas ferramentas na vida adulta para comunicarse e xestionar tarefas. "As familias aspiramos a que o sistema educativo introduza o uso do móbil como ferramenta e eduque no seu uso correcto e aproveitamento".

A cuestión non é só cando se entrega un teléfono, senón que aprendizaxe o acompaña. Álvarez defende límites e acceso progresivo; Suso, preservar creatividade e confianza; Fandiño, atención, tolerancia á frustración e presenza humana; e Carballo, a formación tecnolóxica.

As posicións son diferentes, pero apuntan a unha realidade compartida: os móbiles e a IA xa forman parte da vida dos adolescentes. O reto quizás non é escoller entre o mundo dixital e o humano, senón evitar que o dixital ocupe todo o espazo do humano.

Miguel Garcia Nogales



Andrea Mazzola, autor de 'Transumano mon amour'

"A HUMILDADE, COMO PRINCIPIO ÉTICO, DEBERÍA FACERNOS **RENUNCIAR Á PERFECCIÓN E Á INMORTALIDADE"**

O desenvolvemento tecnolóxico -como o social- camiña orientado por ideas, valores e proxectos que lle serven de horizonte. E se o ideal que orienta moitas das investigacións técnico-científicas en curso estivese máis perto das distopías cyberpunk do que das utopías futuristas?
O transhumanismo, por delirante que nos pareza, é un faro real para algúns dos principais responsables da revolución tecnolóxica que estamos a vivir.

Andrea Mazzola é licenciado en Filosofia pola Universidade de Nápoles e doutor em Filosofia das Ciencias pola Universidade de Lisboa. É autor do libro *"Transumano mon amour"*, publicado polo Jornal Mapa em 2021.



Que é o transhumanismo e por que escribiches un libro para alertar sobre el?

O transhumanismo é unha ideoloxía que decretou a fin da humanidade. Defende que, ante a crise ambiental, non hai posibilidade de adaptación natural e, polo tanto, pretende servirse da xenética, da medicina ou da tecnoloxía informática… para crear outra forma de vida, artificial, na que as elites poidan sobrevivir á catástrofe.

É unha forma de racismo extremo contra toda a humanidade. Aos transhumanistas gústalles a metáfora da Terra como unha nave espacial que viaxa polo universo. Mais eu creo que esta metáfora é propaganda: a realidade é que ven o planeta Terra como un barco negreiro. Naqueles barcos, cando se producía un erro de ruta durante a viaxe, para equilibrar os escasos recursos botaban africanos á auga. Para os transhumanistas, toda a humanidade somos negros que poden ser descartados para facilitar a súa viaxe cara ao futuro.

Quen son estes transhumanistas? Onde están?

Os principais referentes están na elite tecnocrática das corporacións de Silicon Valley: son coñecidos Peter Thiel ou Elon Musk. Pero tamén temos intelectuais como Nick Bostrom ou Yuval Harari. Diría que están en todas partes: no interior das elites —en Europa, nos Estados Unidos, en Rusia, na China…— hai persoas que abrazaron esta ideoloxía sen teren que levar un «carné do partido». Neste caso, tal carné non é preciso, porque se encontran en círculos pechados ou nos grandes foros de política e economía.

Comparten un desprezo declarado pola humanidade, agás algunha retórica aparentemente socialdemócrata, como a de Nick Bostrom. Outra das súas características é o aceleracionismo tecnoindustrial. Non considera posible remediar os danos causados ata agora, nin o equilibrio entre a sociedade humana e o medio ambiente; entón, adopta unha perspectiva nihilista que propón acelerar o desenvolvemento destrutivo. O futuro —din— non é para a humanidade, senón para esa criatura post-humana que pretenden alcanzar hibridando o corpo orgánico do ser humano con aparellos informáticos, mediante enxeñaría xenética ou creando un programa informático capaz de aloxar a conciencia.

Todas estas son liñas de investigación reais cara ás cales está a fluír moitísimo diñeiro que deixa de ir destinado ás necesidades básicas da poboación. Lémbranos as pirámides dos faraóns: grandes esforzos colectivos dirixidos por unha visión mitolóxica.

Porén, aínda que o transhumanismo sexa unha ideoloxía das elites, paréceme que hai unha especie de penetración deste ideal na cultura de masas do noso tempo. Non cres? A aspiración de transformarnos por medio da tecnoloxía para superar as limitacións básicas da especie humana é amplamente compartida, se falamos de implantes biónicos para que as persoas tetrapléxicas volvan camiñar, ou de terapias xénicas para vivir ata os cen anos, ou ata os cento vinte…

Tes razón, mais creo que é preciso facer unha distinción: a maioría das intervencións médicas normais encaixan na deontoloxía tradicional dunha intervención reparadora e terapéutica. Por exemplo, os lentes tamén son tecnoloxía, pero serven para que eu poida ver como as outras persoas que non teñen deficiencias visuais. A cuestión clave non é se a intervención médica é de alta ou de baixa tecnoloxía, senón se está dirixida a garantir que a persoa

que ten algunha dificultade poida volver estar ao mesmo nivel ca as demais, ou se, pola contra, é unha intervención potenciadora, melloradora, que creará unha vantaxe sobre o resto.

Porén, esta distinción non é tan fácil de aplicar na práctica, porque a propaganda transhumanista adoita estar guiada por unha retórica filantrópica —non no caso de Elon Musk ou Peter Thiel, que son racistas crus e nus, pero si no de autores como Nick Bostrom— na que as innovacións tecnolóxicas ou médicas son sempre presentadas como un agasallo do que toda a poboación poderá beneficiarse, para lexitimar así o inxente diñeiro público que reciben. A realidade é que despois son xestionadas por universidades privadas ou centros de investigación e laboratorios sen esixencias de transparencia nin de rendición de contas, baixo a influencia dos aparellos militares, avanzando cara a obxectivos ocultos.

Permíteme que volva a esa diferenza entre «curar» e «mellorar», que non me parece tan clara. Devolverlle a unha persoa de oitenta anos as capacidades físicas que tiña aos corenta… en que categoría entra? Non falo de voar nin de ter supervelocidade, senón de poder conservar o corpo nunha xuventude humana… máis eterna.

Ao meu entender, trátase xa dunha intervención melloradora, porque a «terapia» parte da idea de que existe un funcionamento máis ou menos «común». E non hai nada tan común, universal e humano como avellentar.

Esa pretensión da eterna mocidade é cruelmente insolidaria. Pretender ter un corpo novo aos oitenta anos adoita implicar tamén querer facer turismo, contaminar e continuar coa actitude de consumo desmedido dos corenta anos, e polo tanto ten enormes impactos de inxustiza social. Significa consumir sen límite os recursos dos nosos netos, porque o que se consuma hoxe faltará mañá. É o mito do vampiro, que lles chucha o sangue aos máis novos para ser inmortal.

Eu defendo a humildade como principio ético, que impón ás persoas unha autorrenuncia. Desde un punto de vista máis naturalista, se existen as etapas da vida e existe a morte, é por un principio básico que Hannah Arendt identificou dalgunha maneira: o pluralismo. Se non existe a morte nin a substitución das xeracións, non hai espazo para o futuro nin para outros seres. Polo tanto, esta obsesión pola lonxevidade encerra unha aspiración totalitaria de quen quere vivir para sempre e non acepta que outros veñan ao mundo. Repara en que hai moitos institutos que dedican á investigación da inmortalidade terreal recursos que serían fundamentais para salvar as crianzas que morren de fame ou que non teñen auga…

Eu creo que isto toca un punto importante e profundo, do que se aproveita todo este proxecto transhumanista para penetrar na sociedade. O instinto de supervivencia fai natural que, se temos a posibilidade técnica, queiramos fuxir da morte sen nos importar o prezo material ou ético que haxa que pagar. O capítulo 5 do teu libro titúlase «Contra a perfección: en defensa da condición humana e dun mundo común». Como ves posible xerar unha cultura social que nos axude a reconciliarnos coa nosa imperfección, coa nosa fraxilidade e cos nosos límites, e que rexeite a obsesión por superalos?

"Para os transhumanistas a Terra é un navío negreiro, e toda a humanidade somos escravos que poden ser descartados para facilitar a súa viaxe cara ao futuro"

É moi difícil, porque hai claramente unha inclinación moi profunda no ser humano a vencer os límites e a morte, sobre a que se apoia despois unha ideoloxía como o transhumanismo.

Desde o punto de vista da antropoloxía filosófica, son moi pesimista, porque, na verdade, non sei de ningún culto, rito ou mito… que enxalzase a finitude. Sempre hai un intento de fuxida, unha procura dun máis alá. A cultura humana parece caracterizarse, case universalmente, polo esforzo de elaborar algo que nos permita ilusionarnos con que non somos finitos, con que non imos finar.

A min gustaríame que existise unha cultura que fixese da finitude o punto de partida para a beleza da vida, polo feito de esta ter diversidade, sucesión na existencia. E isto implicaría tamén aceptar a substitución: todo acaba e, polo tanto, deixa espazo para algo novo.

Mesmo no materialismo histórico, na cultura socialista, existiron correntes como o «cosmismo» de Nikolai Fiodorov, que, na realidade, son precedentes do transhumanismo actual.

Talvez non haxa ningunha cultura que defenda esa reconciliación coa finitude, coa limitación e coa morte, pero eu si que podo ver certas advertencias contra esa vontade de superar os límites, de querer ser deuses, tanto na relixión como na cultura popular: pensemos no mito de Prometeo, na expulsión de Adán e Eva do Edén, na torre de Babel ou mesmo no Frankenstein de Mary Shelley…

Claramente, hai advertencias, pero temos que matizalas. Por exemplo, na cultura grega, en xeral, tiñan a idea de que, máis alá da morte, o individuo perdía a súa individualidade. No Hades non había rostros; os que morrían perdían a súa identidade, Aquiles deixaba de ser Aquiles… Neste sentido, penso que a cultura grega estaba moito máis próxima á aceptación da finitude cá cultura cristiá, na que, máis alá da morte, continuamos a ser os suxeitos que somos.

Eu detecto unha liña de continuidade entre certa mitoloxía xudeu-cristiá e o transhumanismo, aínda que cunha gran diferenza: os transhumanistas rexeitan completamente a idea dun máis alá e procuran a inmortalidade terreal. Pero, mentres que para un grego un transhumanista probablemente sería un tolo, en cambio hai moitos transhumanistas que se declaran cristiáns, aínda que sexan herexes, porque no fondo negan todos os dogmas ou as doutrinas do cristianismo…

Que papel xoga a intelixencia artificial no proxecto transhumanista?

A intelixencia artificial é unha ferramenta militar. Máis ca unha ferramenta de clase para destruír emprego e crear condicións de precariedade no mundo laboral, está a ser unha arma fundamental para as guerras de xenocidio en curso, así como para o control xenófobo das fronteiras.

O futuro que debuxan as elites pasa por unha guerra civil planetaria. Para os transhumanistas, un escenario de escaseza total de recursos e de redución drástica da poboación mesmo pode ser bo, porque imaxinan que os robots conseguirán producir o necesario para as elites. Esa escaseza de recursos nunca afectará a investigación tecnocientífica, que será privilexiada con toda a auga e a enerxía necesarias.

A IA contribúe poderosamente tanto ao ideal de automatización da produción e redución do compoñente laboral ao mínimo —que sempre foi o obxectivo de clase das elites patronais— como ao avance cara ao obxectivo desa nova criatura post-humana que poida sobrevivir sen auga, sen ar, nun mundo quente, en búnkeres ou sen luz solar.

Manuel Regal Ledo

A UNIDADE E A HARMONÍA DA REALIDADE, de Vitorino Pérez Prieto, está a converterse nun dos ensaios de teoloxía mais traducidos da literatura galega. Despois de ser verquido para o castelán e o inglés, está a piques de sair do prelo a versión italiana do libro.
Aproveitamos a ocasión para publicar en IRIMIA esta recensión da obra asinada por Manolo Regal.



Estamos ante un ensaio singular, que chama a atención. Asumín no seu momento a tarefa de lle facer o prólogo, e comparto agora co público de IRIMIA estas cinco razóns polas que creo que paga a pena a lectura deste libro:

1ª.Porque nos ofrece unha ollada en profundidade, non superficial, sobre a realidade, toda a Realidade, que inclúe a existencia mesma de Deus.

2.-Porque nos ofrece unha ollada, logo, en profundidade e apaixonada. Os que coñecemos o autor sabemos que todo o que foi saíndo da súa escrita abundante, xenerosa, é sempre algo apaixonado. E neste caso non nos decepciona, ao revés.

3.-Porque xunta ciencia e fe, pero non na forma da clásica confrontación destas dúas dimensións coas que podemos observar, analizar e expresar a realidade, e coas que adoito mantemos unha guerra de argumentos para ver quen queda por riba, quen queda por baixo. Non, a relación entre ciencia e fe que ofrece Victorino pretende ser "irmandiña" (fraterna e xusticeira) , é dicir, sitúase como persoa crente do lado da ciencia, do lado de quen intenta observar, descifrar e expoñer a realidade compartindo visións, análises e ousando situar a súa opción particular de fe nese contexto científico compartido, inserido precisamente nel. A Realidade con maiúscula (o mesmo Deus) sería a expresión máxima, en principio e fin, da lóxica desa realidade con minúscula que configura a existencia de todo o universo.

4.-Porque é un servizo a unha mentalidade crente á que lle axuda a crer sen ter que mostrarse en conflito co mundo científico, aínda que asine todo o visto coa sinatura da fe. E, ao tempo e polas mesmas razóns, un servizo a unha mentalidade científica que lle permite cando menos asomarse sen vergonza ao mundo do que denominariamos Deus, ou foco último da Realidade.

5.-E porque dá un paso en firme no que o mesmo teólogo, Joseph Ratzinger, cando era papa Benedicto XVI, afirmaba nunha entrevista con Peter Seewald, recollida no libro "Luz del mundo" (Herder, 2010):

"Adoito, esa condición de Cristo que vén tense proclamado en fórmulas que, aínda que son verdadeiras, ao mesmo tempo envelleceron. Xa non lle falan á nosa constelación de vida e, con frecuencia, deixaron de ser comprensibles para nosoutros. (…) Polo tanto, debemos procurar dicir realmente a substancia en canto tal, pero dicila de forma nova" .(76-77)

E a compartir formas novas de expresión e de comprensión do feito relixioso atende tamén o ensaio de Victorino, ensaio ben estruturado e documentado, con temas algo complexos ás veces, pero pedagoxicamente moi ben levados.

Alba Rivas

O MONTE VOLVE LATIR

A Escola de Pastores de OVICA enforca o relevo xeracional fronte ao abandono e os lumes

Da Revolta a Barbudo, atravésase a Serra do Cando, e vaise seguindo o Verdugo até que morre no Oitavén. De monte a monte, neste número de Outono conversamos coas amigas da Casa das Barbudas para saber máis sobre a Escola de Pastores, unha proposta de OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia), na que participou **Adrián**.

A Escola de Pastores, preséntase como un proxecto de formación integral especializado na gandeiría extensiva, especialmente orientada aos sectores ovino e caprino, e busca contribuir ao dinamismo social e económico do territorio, mellorar a formación técnica dos participantes e potenciar as producións locais.

A Escola ten a súa sede na comarca da Limia, e interpelou aos concellos da Gudiña, A Mezquita, Baltar, Castrelo do Val, Chandrexa de Queixa, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Os Blancos, Riós, Sarreaus, Trasmiras, Verín, Viana do Bolo, Vilar de Barrio, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia , a apoiar e contribuír a que a escola se asente.

O curso comezou en marzo do ano pasado, xusto despois dun verán de lumes doentes que evidencian alén do desleixo da Xunta, que o abandono dos sistemas de vida tradicional das aldeas teñen consecuencias.

Para quen non saiba de que estamos falando, podes explicarnos un pouco, como te enteraches e cal é o teu interese?

Adrián: Pois eu entereime a través das redes de OVICA, que visito con regularidade, para estar un pouco ao tanto do que van facendo, xa que levo tempo coa lideira de meterme neste mundiño.

Xa fora vendo cousas das escolas de pastores que xurdiron noutros territorios do Estado español e que me parecían moi interesantes. Así que cando vin que OVICA ía pór en marcha unha na Galiza apunteime sen dubidalo.

A miña idea sería poder ter un pequeno ou mediano rabaño na aldea, non como actividade económica única, senón máis ben como algo complementario e que á súa vez axude a mellorar a contorna, sobre todo o monte veciñal.

Canto dura a formación?

Pois a duración é de seis meses. Cinco meses de teoría, xornadas teórico-prácticas e visitas a varias ganderías socias de OVICA e un mes de estancias en unha ou en varias ganderías.

Nesta primeira edición as clases foron todos o xoves e venres de mediados de marzo ata finais de xullo e as estancias están sendo agora mesmo, durante o mes de setembro. Non sei se na seguinte edición será así ou variará.

As estancias non son obrigatorias, podes facer só a parte teórica e ao rematar o curso a Escola ofrece a opción de facer un seguimento e titorización en caso de que queiras levar adiante un proxecto de gandería.

Fotografia de Cristina Ultreia Silva

Veslle aplicación práctica?

Si! Coido que é unha formación que paga moito a pena, sobre todo se queres comezar dende cero, sen ningunha formación previa ou sen moita experiencia con gando, como é o caso de moitas das persoas que nos apuntamos a esta primeira edición, aínda que tamén hai compañeiras que xa teñen ganderías e penso que tamén aprenderon cousas novas.

Durante a formación dase un pouco de todo, dende a parte técnico- económica, a axuda de incorporación, a PAC, ... ata o manexo de pastos, doenzas, manexo dos animais, instalacións, ...

E alén do que é a formación en si, coñeces xente con inquedanzas semellantes e xente que xa ten moitos anos de experiencia neste mundo.

Sabemos que es comuneiro da vosa comunidade de montes tamén, velo como unha oportunidade para facer traballo comunitario de pastoreo? É posible?

A verdade que si, dende logo penso que a oportunidade está aí, diante dos nosos narices, e que neste momento máis que nunca precisamos facer unha viraxe cara este modelo, o da gandería extensiva nos montes veciñais.

Xa sexan ganderías particulares que usen o monte a través de acordos cos montes veciñais, ou que sexan as propias comunidades as que creen eses rabaños veciñas, xestionados diretamente pola Comunidade de Montes, como está a facer a xente de MOVEGANDEX.

Particularmente, pareceríame moi interesante recuperar a figura das veceiras tradicionais, nas que se xuntaban os animais de todas as casas e, a través dun sistema de quendas en función das cabezas de gando que tiña cada casa, unha persoa levábaos ao monte a pacer.

Puidestes coñecer pastores galegos? Erades bastantexente moza?

Si, coñecemos varias ganderías de ovino e caprino, sobre todo na zona onde se levou a cabo esta primeira edición da Escola.

Somos sobre uns vinte alumnos e hai un pouco de todo a verdade, dende compañeiros de vinte e poucos anos ate compañeiros que rondan os cincuenta. Un grupo bastante heteroxéneo.

Que chegustaría engadir?

Se tivese que engadir algo sería só animar a quen vos lean, e que isto lles poida resoar, que se animen a apuntarse á segunda edición da Escola de Pastores, aos montes veciñais a que aposten pola volta do gando ao monte dentro das súas posibilidades e á administración que poña todo da súa parte para que isto sexa posible, con formación, con financiación e co que faga falla. Que este é o único xeito, económica e ecoloxicamente sostible, de xestionar o territorio, de evitar os grandes lumes, de fixar xente nas aldeas, de producir alimento de calidade e de proximidade para as que estamos e para as que veñen detrás.

Miguel Fernández, presidente do Foro Galego de Inmigración

O que supón a Regularización

De forma sintética a Regularización cambia a vida das persoas en moi diferentes aspectos:

1.- Loxicamente o traballo, o cambio máis substancial e a posibilidade de dispoñer de contratos laborais, que naturalmente teñen que axustarse á normativa e que dificultan moito as situacións de explotación. Ademais da retribución, complementos, descansos, pagas extras etc. Tamén a posibilidade de escoller traballo. Vencellado co traballo, a posibilidade de cotizar na Seguridade Social para poder despois acceder a prestacións, pensións, etc.

2.- O acceso á vivenda, dispoñer de contrato de traballo, e polo tanto de nóminas, é imprescindible para conseguir alugar unha vivenda ou simplemente unha habitación. Antes só era posible co aval doutras persoas e isto provocaba moitos abusos.

3.- A posibilidade de estudar e de formarse. Para moitas persoas, sobre todo as máis novas, a regularización supón poder acceder a formación, sobre todo no ámbito da formación profesional. Antes era moi difícil por non dispoñer de tempo e tamén porque as persoas en situación irregular poden estudar pero non titular. Incluído aquí o tema dos permisos de conducir.

4.- O acceso a prestacións sociais básicas. As persoas migrantes en situación irregular na nosa Comunidade Autónoma só teñen acceso ás, agora chamadas, de inclusión social (unha só vez, por un motivo concreto) ou a algunha renda social en concellos como Santiago ou A Coruña. Unha situación especialmente dramática que resolve a Regularización é a posibilidade do recoñecemento da discapacidade ou da dependencia para as persoas tanto adultas como menores, que sofren un terrible calvario en situación irregular

5.- O acceso a servizos no ámbito cultural, deportivo ou de ocio . Nestes aspectos os cambios son tamén importantes, a participación en actividades de asociacións culturais e deportivas está moi condicionada pola irregularidade, baste como exemplos as dificultades que teñen moitos nenos e nenas ou persoas adultas en desenvolver actividades deportivas por non poder federarse. No ámbito do ocio, poder saír, ir a un pub ou discoteca, cear con amigos, viaxar, etc. son actividades que agora se poden realizar sen medo.

Por resumir e simplificar, o principal é probablemente a liberdade para vivir e traballar de acordo coas súas ideas, desexos ou inquedanzas.

Unha palabra sobre Ceuta

Para non incidir demasiado nun tema tan terriblemente instrumentalizado política e socialmente: En Ceuta o que hai que facer é aplicar a lei, sen atallos. O Estado Español dispón de recursos suficientes para abordar unha situación, primeiro como emerxencia e logo cos mecanismos e recursos xa existentes no conxunto do estado, para normalizar o que acontece en Ceuta.

O máis lamentable foi a reacción racista e a instrumentalización política da dereita e da extrema dereita desta Situación. A resposta ten que vir desde a legalidade e tamén dende a solidariedade, que agora debe ser máis que unha palabra. Sobre todo, non permitir que nós enfronten a unhas contra outras, ese é un debate falso e moi perigoso.

STEFANY MACIEL SÁNCHEZ CATTER, de Perú, 36 anos.

Cheguei a España o 25 de xuño do 2025, facendo escala dende Perú ata Colombia e finalmente ata Madrid, onde cheguei e tiven que durmir cos meus fillos na estación de tren de Chamartín, e ao día seguinte collín tren para Santiago de Compostela. Fomos a Santiago porque contamos co apoio dunha amiga que nos ofreceu acollernos momentaneamente.

ANTES DA REGULARIZACIÓN traballaba por horas en diferentes horarios e o salario dependía da persoa que me ofrecía o traballo. Asistía con regularidade á bolsa de emprego de Cáritas para pedir información sobre ofertas de emprego e axudábame dalgunhas páxinas de internet para buscar emprego. Había semanas que tiña traballos de forma máis ou menos continuada e outras nas que resultaba moi complicado manter traballos de forma continuada, sobre todo na tempada de outono e inverno.

DESPOIS DA REGULARIZACIÓN xa teño un horario fixo , nunha empresa de limpeza onde traballo de limpadora nun edificio público, e un soldo fixo. Podo darlle mellor calidade de vida aos meus fillos , ademais que cotizo para unha xubilación futura, xa que quero ser alguén que contribúa ao estado de forma correcta, para facer as cousas ben, e estou agradecida con Cáritas polas oportunidades de traballo que me ten brindado.

LUIS STEVEN GUILLÉN GÓMEZ, de Paraguai, 34 anos

A miña muller viñera un ano antes, porque coñecía xente en Santiago, estivo vivindo no domicilio desas persoas en Madrid. Cando cheguei eu buscamos un cuarto en Madrid, que nos costou 550 euros, moi pequeno e con moitas limitacións para usar baño e cociña, e mesmo para ver a tele. A miña muller quedou sen traballo e contactamos cunha amiga paraguaia, que vivía en Santiago, para trasladarnos, primeiro estivemos coa amiga e unha vez que conseguiu traballo, conseguimos un cuarto aquí. Os traballos eran moi difíciles en casas para ela e eu traballei en Madrid en reparto de publicidade.

ANTES DA REGULARIZACIÓN, só tiña traballo a miña muller por horas en casas, e eu traballei como axudante de construción en granxas e lugares afastados.

DESPOIS DA REGULARIZACIÓN, desde que tivemos permiso foi moi fácil atopar traballo, Claudia empezou enseguida nun hotel, o contrato acabou o 31 de Agosto e o 1 de setembro xa atopou traballo nunha empresa de limpeza. Eu traballei en hostelería todo o verán e agora estou postulando para outros postos de traballo, seguro que pronto aparece algo. Aínda estamos no mesmo cuarto do principio en Santiago, pero andamos na procura dunha vivienda para nós. Cambiou moito a nosa situación.

ZAIDA JOSEFINA MÁRQUEZ NORIEGA, Venezuela, 60 anos

Cheguei a España o 17 de xaneiro do 2025, grazas á miña sobriña que me mandou para a pasaxe. Estiven un tempo vivindo con ela en Ourense e logo viñen a Santiago de Compostela, onde outro sobriño, para buscar outras oportunidades de traballo.

ANTES DA REGULARIZACIÓN vivía cun pouco de anguria porque non lograba conseguir cita para facer a solicitude de asilo, que era a vía que tiñamos as persoas de Venezuela para conseguir estar regulares e logo ir podendo traballar. Asustada, co medo de que me puidesen deportar. Sobre todo non ter un mellor futuro para a miña vida.

Nestes momentos estou á espera da resposta da Regularización para poder traballar de forma legal e segura e estar un pouco máis estable neste país.

Pablo Álvarez Veloso

Defender a casa común

A loita dos veciños das Conchas para salvar o Limia

Darlle dereitos á auga, á natureza é recoñer a súa importancia. Na Galiza xa temos o río Tins con dereitos, por exemplo. Mais cómpre ter presente que somos parte da natureza para mirar por ela, coma se fosemos nós mesmas.

Iso, é o que fai a veciñanza das Conchas, e reproducimos tal cal o testemuño da súa loita que tiveron a ben compartir con nós nesta Romaxe.

Bo día a todas e a todos.

Son Pablo Álvarez Veloso, veño da comarca da Baixa Limia, e son veciño dunha aldea que se chama As Conchas (concello de Lobeira), e quero comezar agradecendo que nos permitades traer ata esta Romaxe a voz dun río que leva demasiados anos pedindo axuda.

Para nós, o Limia non é simplemente unha corrente de auga. É a paisaxe na que medramos, a memoria das nosas familias e unha parte esencial da nosa identidade. Nas súas augas aprendemos a nadar, nas súas beiras compartimos merendas, festas e encontros. O río forma parte da nosa vida e nós formamos parte del.

Mais aquela auga limpa que coñeciamos foi mudando. Primeiro case sen facer ruído; despois, dun xeito imposible de ocultar. Chegaron os nitratos, as bacterias resistentes aos antibióticos e as proliferacións de cianobacterias tóxicas. A auga púxose verde, apareceron os malos cheiros e as escumas.

O lugar onde antes nos bañabamos converteuse nun sitio onde entrar na auga pode ser un perigo, converteuse nun deposito de residuos toxicos. Vivimos con medo: medo ás toxinas, medo ao que respiramos, medo á auga que antes era a nosa vida.

E isto non caeu do ceo. A Limia encheuse de macrogranxas —máis de trescentas explotacións— e con elas os xurros e os residuos que se filtran no encoro e nos acuíferos por non reciclalos. Non queremos culpabilizar a quen traballan honradamente a terra. O que denunciamos é outra cousa: que as administracións, sabéndoo desde hai anos, non fixeron nada.

Os romanos, cando chegaron a estas terras, tíñanlle tanto medo a este río que o bautizaron cun nome que aínda estremece: O Río do Esquecemento. Contaban que quen cruzase as súas augas esquecería quen era e de onde viña. Dous mil anos despois, o esquecemento non está no río: está en quen tiña o deber de coidalo. A Xunta e a Confederación levan máis de 15 anos esquecéndose do Limia e da súa xente. Pero nós non esquecemos. Seguimos aquí, na beira, chamando ás cousas polo seu nome.

E non foi por falta de aviso. Durante anos petamos nas portas das administracións, presentamos escritos e estudos científicos, pedimos algo tan elemental como que se dixese a verdade e se tomasen medidas. E demasiadas veces atopamos silencio, escusas ou que se lle restase importancia ao problema.

Por iso tivemos que acudir aos tribunais. Non foi unha decisión doada: unha pequena asociación veciñal viuse obrigada a enfrontarse á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (OS NOSOS GOBERNADORES ROMANOS) para defender algo que debería estar garantido: o dereito á saúde, á vida, á intimidade das familias e a un medio ambiente digno. E a xustiza deunos a razón. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e despois o Tribunal Supremo, recoñeceron que aquela inacción vulnerou os nosos dereitos fundamentais,

"Nós seguiremos loitando para que regresen a auga limpa ás Conchas, a confianza ás familias e a esperanza á nosa terra. Porque deteriorar un río, poñer en risco a saúde da xente e abandonar unha comarca enteira nunca poderá chamarse progreso"

incluído o dereito humano á auga limpa. É a primeira vez en Europa que se recoñece que a gandaría industrial pode vulnerar dereitos fundamentais cando as administracións o consenten.

E, aínda así, nada cambiou. Unha sentenza que non se cumpre non descontamina un río, non protexe a saúde e non lle devolve a tranquilidade a ninguén. Case ano e medio despois, segue sen executarse. Por iso acabamos de presentar a demanda de execución forzosa: para esixir que, simplemente, se cumpra.

Hoxe estamos nunha Romaxe que proclama que todas as augas son santas. E quizais recoñecer a súa santidade signifique precisamente isto: non aceptar que a auga sexa envelenada, maltratada ou usada como sumidoiro. Coidar a auga é coidar as persoas e as xeracións que aínda non naceron. É entender que non somos donos da natureza, senón parte dela, responsables de entregala en condicións dignas a quen veñan detrás.

A nosa loita nace da indignación, pero tamén do amor. Do amor á nosa terra, ao río e á xente que protexe a auga. E sostense grazas a todas as persoas que non miraron para outro lado. Por iso hoxe pídovos que escoitedes a voz da auga e que nos axudedes a mantela viva, porque a auga non se pode defender soa: precisa das nosas mans, da nosa palabra e do noso compromiso.

Nós seguiremos loitando para que regresen a auga limpa ás Conchas, a confianza ás familias e a esperanza á nosa terra. Porque deteriorar un río, poñer en risco a saúde da xente e abandonar unha comarca enteira nunca poderá chamarse progreso. Moitas grazas.

Maria Frá Bagaria

O Congresso de Medicina Popular de Vilar de Perdizes

Durante 40 anos, este Congresso vem sendo um antídoto de auto-organização popular frente ao individualismo que nos consome; um apósito de comunitarismo frente ao derrotismo que nos leva a abandonar a Terra e o Povo; um bálsamo de fé para mantermos as nossas aldeias vivas.

Quarenta anos fazem do Congresso de Medicina Popular de Vilar de Perdizes um dos eventos mais longevos do nosso entorno. E quando falo do *nosso* entorno estou a referir-me, por uma banda, a aquele delimitado pola cultura política da auto-organização, e por outra, a um entorno geográfico, conscientes de que as fronteiras som realidades artificiais erguidas para um reparto de poder alheio aos interesses do povo.

A convocatória nasceu da mão do seu páraco, o Padre Fontes, transmontano como a vila que o acolheu na sua função pastoral, que pola época que lhe tocou viver conheceu bem de perto esses saberes e fazeres da Medicina Popular, difíceis de isolar da religiosidade popular, da vida em comunidade e do vinculo coa terra. O Padre Fontes, presente ainda no congresso a pesar do seu delicado estado de saúde, adicou a sua vida e obra a dignificar o patrimonio das terras do Barroso, entendido além da sua dimensão material.

Nas suas primeiras edições promoveu o diálogo entre profissionais da medicina e outras disciplinas científicas, e curandeiras, endireitas, atadores e outras figuras especializadas na arte da cura próprias da medicina popular galego-portuguesa, autênticos protagonistas deste Congresso ao longo das suas primeiras edições. Desde aquela primeira edição no ano 1983 do "Congresso Luso-Galaico de Medicina Popular", no evento confluíram diferentes jeitos de entender e acompanhar a enfermidade e conviveram diferentes cosmovisões em dialogo: entre os mais de 2000 palestrantes que participaram no Congresso nos últimos 40 anos, encontramos médicos, antropólogas, botânicos, acupuntoras, parapsicólogos, atadores, curandeiras, osteopatas... e outras figuras da medicina científica, tradicional, alternativa e/ou complementar.

Nestas quatro décadas a realidade trasmontana, como no nosso país, tem mudado muito, e entre os câmbios sociais acontecidos destaca a prática desaparição da medicina popular, pola globalização ideológica da modernidade e o esmorecimento da conceição tradicional da vida, polo abandono do rural e pola morte, sem relevo, das suas figuras protagonistas. No oco deixado por esta perda, tem florescidos novas formas de acompanhar e tratar a doença, algumas importadas das medicinas tradicionais de outras latitudes, outras desenvoltas no contexto ocidental. Estas novas vozes tem ocupado este oco no Congresso de MP de Vilar de Perdizes, que afronta o repto de adaptar-se aos novos tempos, sem perder o contacto coas raízes.

O comunitarismo forjado nesta vila aldeá ao longo de décadas de trabalho, tem feito músculo de abondo para afrontar os novos tempos e as dificuldades práticas e teóricas que afrontam. Provavelmente a 41a edição do Congresso de Medicina Popular de Vilar de Perdizes se celebre no prédio renovado da antiga escola, que agora

Obradoiros, palestras, feira de produtos locais e remédios... destacam entre as atividades que nutrem o Congresso de Vilar de Perdizes. Na imagem, obradoiro de plantas medicinais impartido por Maria Frá na sala dedicada à amostra de remédios botánicos próprioas da etnomedicina do Barroso.

acolherá o "Centro de Estudos da Medicina Popular e Misticismo". Este Centro, além de preservar a memória do congresso com uma parte adicada a museu e outra a divulgação dou usos populares das plantas medicinais da contorna, pretende ser um espaço de estudo e difusão do patrimonio etnográfico e arqueológico luso-galaico. Neste sentido compre ressaltar o dinamismo que caracteriza ao povo trasmontano, que olha para esta ferramenta mais como um espaço para impulsionar o estudo e a partilha que pola sua função museística, e pretende que serva, como serviu o Congresso ao longo destes anos, como ponto de encontro, debate e criação de pensamento sem as ataduras dos *lobbies* farmaceuticos e a conceição da saúde como mercadoria. Aliás, a outra grande nova que nos apresentou a entidade organizadora, a Associação de Defesa do Patrimônio de Vilar de Perdizes, foi a próxima candidatura do Congresso ao Inventário Nacional do Patrimônio Cultural Imaterial, requisito prévio para a candidatura internacional à UNESCO.

O Congresso nascido no ano 1983 celebrava as quatro décadas abrindo o seu programa com uma palestra com um sugestivo título: "O Poder da Comunidade: Voluntariado, Tradição e o Futuro das Aldeias". E é que o que está em jogo a dia de hoje no rural Trasmontano não é só preservar um legado, um conhecimento ou um saber fazer. Está em jogo o futuro, num rural assolado polo abandono, que só se pode resistir graças á força do comunitarismo.

Em Vilar de Perdizes fala-se de saúde, mas duma visão holística que entende que enfermamos no corpo, mas também na comunidade, no espírito e na Terra. O Congresso não é só um evento mais no nutrido calendário de "experiências" consumíveis. Vilar de Perdizes é um antídoto de auto-organização popular frente ao individualismo que nos consome; um apósito de comunitarismo frente ao derrotismo que nos leva a abandonar a Terra e o Povo; um bálsamo de fé para mantermos as nossas aldeias vivas.

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

PEPITA SEOANE VAZ

UNHA VIDA DE LOITA

Na vida atopamos xente que ten a clarificadora imaxe da nosa dignidade. Non está arroupada de medallas nin de adornos, está así tal como é. Son aquelas persoas que teñen no seu rostro, na súa ollada, na súa palabra a pureza esclarecedora que se amosa aberta nos nosos receptores sensitivos. A súa voz pousada e convencida, a súa ollada limpa e directa, a súa figura é o compendio dunha persoa que durante toda a vida loitou pola verdade, pola ilustración purificadora da certeza. A toma de conciencia e compromiso político de Pepita prodúcese a raíz da detención e encarceramento do seu fillo maior, Paco, en outubro de 1981 por pertenza aos GRAPO. E a detención doutro dos seus fillos, Suso, en outubro do 1985 polo mesmo motivo. Pepita, que coñece mellor ca ninguén aos seus fillos, debe apeitar coas razóns de valor e evidencia sincera, nas causas que motivaron os seus feitos de militancia. Algo que non foi nada doado de asimilar xa que Pepita vén dunha saga familiar de gardas civís. O seu avó, o seu pai, o seu irmán e o seu marido pertenceron ao benemérito corpo. Pepita explícao así: "criara e educara aos meus fillos. Sei moi ben como son e foron moi queridos no barrio. Intereseime por coñecer as causas e razóns que os levaran a escoller eses vieiros. Fun descubrindo que os valores e ideais que defendían eran, xustamente, os que lles inculcaramos en casa".

É a partir de entón cando se volve en apoio cos seus fillos. De tal xeito que resulta ser unha das fundadoras da ACEPG da Coruña. Organiza as viaxes para ir visitar os presos nos cárceres, dá charlas, concede entrevistas, realiza pegadas de carteis, pancartas e confecciona pasquíns e panfletos. Pouco a pouco vai iniciando unha loita na que non só participa senón que é parte activa de moitas mobilizacións que se producen na súa área de influencia dos movementos sociais. Vaise facendo coñecida e, sobre todo recoñecida como voz que na rúa defende aos presos políticos do PCE(r) e dos GRAPO.

Toda a actividade que desenvolve Pepita, convértea nunha persoa perigosa e incómoda para o estado. Sofre a súa primeira detención, xunto cos compañeiros da ACPG da Coruña no ano 1987, por mor dunha pegada de carteis esixindo a liberación dos presos políticos gravemente enfermos.

Hai unha anécdota que ilustra moi ben o carácter de Pepita, a súa resposta urxente, cando tras moitas horas de interrogatorio e diante da súa firmeza e ousadía resolta, dille o comisario: “Señora, por mí dormía usted esta noche en la cárcel”. Ao que Pepita respondeu, sen perda de tempo: "pois, se por min fose, vostede durmía esta noite en San Amaro (cemiterio da Coruña)".

En 1989 implícase, en corpo e alma, na defensa da

folga de fame dos presos políticos contra a política de dispersión. Está en todas partes, multiplícase, participa con outros familiares nun encerro na Cruz Vermella de Vigo e posteriormente noutro na catedral de Santiago. Coruña e outras cidades de Galiza aparecen cheas de carteis, pintadas, pancartas en apoio da folga. Organiza mobilizacións e manifestacións. Dá charlas, fai entrevistas, viaxa a Madrid para apoiar e facer forza. Con outros familiares e xentes solidarias encadéanse nunha praza preto do Ministerio de Xustiza.

Outra mostra da materia da que está feita Pepita, ponse de manifesto cando en xaneiro de 2008 deteñen ao seu fillo pequeno, Carlos. Tras do rexistro minucioso do piso e despois de encararse cos gardas civís, cando xa o levan esposado, agárralle o brazo e con toda a súa afouteza, dille ben en alto: "Carliños, fillo, ti coa cabeza pero que ben alta, que aquí os únicos terroristas son eles".

Xa en 2014 concede unha entrevista a El Mundo. O que Pepita di na entrevista de que os empresarios son uns fillos de puta porque explotan e lle zugan o sangue aos traballadores, transfórmano en: "la madre de los GRAPO dice que todas las víctimas del terrorismo son unos hijos de puta". A consecuencia daquilo, a Audiencia Nacional impútaa por enaltecemento do terrorismo, con setenta e cinco anos. Xa anteriormente, en 1990, realizando pintadas co seu fillo Suso, en apoio á folga de fame que mantiñan.

Todo agora dise pronto, mais desde 1981 a 2019 Pepita estivo sempre con algún fillo no "caldeiro", cando non os tres a un tempo. Pepita non se achicaba, ben podía chover, nevar, xear ou caer un sol demoledor que nunca lles faltou ás visitas, tanto aos fillos como aos compañeiros e compañeiras. Percorreu todo o estado, en tren e autobús, comendo bocadillos, durmindo onde podía, sempre en pensións ou nos bancos da estación de autobuses ou do tren. Repartiu amor, solidariedade e compromiso a mans cheas. Recolleu bandeiras que alzaron os seus fillos, fíxoas súas nunha loita que consideraba xusta e que xamais menosprezou. Dignidade, conciencia, compromiso, solidariedade, carraxe e lealdade inquebrantables.

Sufriu os golpes da represión e os reveses da vida. Coa saída do cárcere de Paco, por primeira vez en trinta e oito anos, Pepita vai ter aos seus tres fillos na casa. Pero a ledicia duraría pouco, porque aos dez días, antes da saída en liberdade de Paco, ao seu fillo menor Carlos dálle un derrame cerebral e, como consecuencia del, morre. Aquilo foi unha dor inmensa, quedáballe o consolo de todo o recoñecemento e agarimo que lle amosaron no funeral. Quedou moi ferida, tocada mais non fundida. Como pon de manifesto o que a día de hoxe aínda lles lembra aos fillos, aos dous que lle quedan: "Pola memoria do voso irmán, a loita ten que continuar".

Todo agora dise pronto, mais desde 1981 a 2019 Pepita estivo sempre con algún fillo no "caldeiro", cando non os tres a un tempo. Pepita non se achicaba, ben podía chover, nevar, xear ou caer un sol demoledor que nunca lles faltou ás visitas, tanto aos fillos como aos compañeiros e compañeiras.

Xan Guillén

HAI QUE ERGUER A MIRADA

Moitas veces os lemas eclesiásticos son previsibles, son repetitivos, son longos... Pero desta volta hai un lema eclesiástico do que si gostei. Trátase do “alzade a mirada” da visita papal a España.

A campaña di que ergamos a mirada das pantallas e miremos ao outro. É certo, andamos moi atarefados en mirar os escasos centímetros cadrados da pantalla. Alzar a mirada non supón ver, supón mirar. Hai que mirar con ollos de irmandade á persoa que temos ao carón.

Pero tamén hai que erguer a mirada para ver a natureza e o mundo que nos rodea. A cantidade de espectáculos que nos dá o mundo. Vistes a eclipse? Vaia agasallo de verán! Vistes unha posta de sol nunha praia? Vaia agasallo.

E tamén hai que mirar á transcendencia. Algo máis hai que nos leva a pensar que non somos só uns corpos. Hai algo máis: Deus, o amor, o cariño, a amizade, a paixón... Alzar a mirada é saber que “enriba” hai algo polo que paga a pena vivir.

"Andamos moi atarefados en mirar os escasos centímetros cadrados da pantalla. Hai que mirar con ollos de irmandade á persoa que temos ao carón.

E por último hai que mirar o mundo para evocar e invocar á xustiza. Alzar a mirada ten que supoñer moitas veces alzar a voz para reclamar xustiza. Hai moitas razóns para darse de conta que o mundo non é igual para quen viven nel.

Nun número que trata sobre a IA hai que reclamar tamén a IH. Intelixencia Humana de mirar máis alá das pantallas. Os algoritmos non van subsituír o esencial do ser humano. Ergue os teus ollos. Alza a mirada.

Peixes na rede

Ledicia Piñeiro

Radio-TV

Somos Sur é un programa de televisión producido por *Este Canal TV* que se emite tamén na canle RTV Tagoror Santa Lucía, baixo a súa característica declaración de intencións: "mirando ao mundo desde Canarias".
Trátase dun espazo centrado nos dereitos humanos, a solidariedade e o activismo social, dirixido e presentado polo xornalista Juan García Luján.
O programa ofrece entrevistas a escritores, activistas, directores de organizacións sociais e defensores de causas solidarias. A súa canción de cabeceira, da artista chilena Ana Tijoux, resume ben o espírito do espazo "Todos los callados (todos), Todos los omitidos (todos), Todos los invisibles (todos), Todos, to-to, todos, Todos, to-to, todos".
Se buscas coñecer proxectos, iniciativas e persoas da cultura, a solidariedade e a innovación, que non teñen espazo nos medios tradicionais, por silenciadas, omitidas ou invisibilizadas, podes atopalas en Somos Sur.

https://www.youtube.com/@RTVTAGORORSANTALUCIA/podcasts

Animación

Pampiroladas é unha conta en redes sociais de contido e animación satírica. Tal e como se define no seu perfil de Instagram, ofrece "bobadas pseudoanimadas sen trazas de IA".
Destaca principalmente pola sátira política e social, utiliza animacións e ilustracións rápidas para parodiar e criticar cun toque de humor a realidade da sociedade e a política contemporánea. Tamén tira do humor absurdo e cotián, reinterpretando situacións do día a día, noticias mediáticas e diálogos populares baixo unha mirada cómica e irreverente.
A súa estética de liñas limpas e minimalistas, aderezada con diálogos nun só ton pero cargados de contido, conceptos e pensamento crítico, é o que primeiro chama a atención do seu estilo.
Detrás desta proposta está o guionista, redactor e xornalista **Daniel Refolio**.

https://www.instagram.com/pampiroladas/
https://www.tiktok.com/@pampiroladas



Influencers

Leticia Vázquez Rodríguez (A Coruña, 2001), influencer especializada en dereitos humanos e publicista, é a fundadora da campaña *AllWomen*, unha iniciativa de sensibilización sobre o acoso machista en internet. Leeti —como se coñece nas redes— representa unha corrente fresca e necesaria dentro da creación de contido actual: a do influencer con propósito e perspectiva social.
É habitual atopala explicando nas súas redes, por exemplo que acaba de saír do traballo e vai directa denunciar ante a Inspección de Traballo, así como participando en tertulias radiofónicas ou en debates televisivos, onde non só achega unha visión xuvenil e feminista, senón tamén de clase e solidaria.
Ten unha proposta poderosa e exemplar: a súa seguridade e valentía alentan a quen a ve, algo que non é pouco nun contexto de medo e apatía no que seguimos instalados desde o pos 15-M.

https://www.instagram.com/vazquezleeti/
https://www.youtube.com/@vazquezleeti

Rubén Aramburu

ANTÓN MARTÍNEZ ANEIROS
TEMPO DE SEMENTAR

O pasamento de Aneiros o pasado mes de xullo obrígame a alterar a pescuda nos arquivos da memoria. Moitos irimegos nutrímonos durante anos da súa presenza e da súa palabra coherente. Sendo mozo universitario coñecino en Santiago no II Congreso do PSG-EG no 1987: Una nova esquerda para un vello país. Creo que xa era deputado xunto a Camilo Nogueira no Parlamento de Galicia. Pasado un ano escoitei a súa voz alentadora na Romaxe do Incio, na Terra Brava: aquí me tendes para o que precisedes, ofrecendo o seu compromiso como deputado a todas as persoas. "Tempo de sementar" foi o lema da romaxe do Courel e foi tamén toda a vida de Antón: sementar loita e esperanza, como escribiu seu veciño o ferrolán Benito Vicetto: mentres hai loita hai esperanza!

A loita de Aneiros xorde do evanxeo e vértese no compromiso cristián cos obreiros, xunto con outros curas da comarca do Ferrol. Foron anos ben duros, de persecución, torturas e mortes como as de Daniel, Amador e Moncho Reboiras. Foi o primeiro cura galego, sendo delegado de Cáritas e capelán do cemiterio, multado polo franquismo con 250.000 pesetas, pola homilía no enterro das vítimas da represión franquista. Ao non pagar a multa foi detido e encarcerado na prisión de A Coruña e logo no mosteiro de Sobrado.

Coma moitos outros curas, desencantados pola falta de apoio da xerarquía, Antón abandonou o sacerdocio ministerial pero mantivo toda a súa vida a vocación de servizo ao pobo asoballado. Velaí sempre implicado en toda acción de sementeira, Coloquios, Concilio galego, Irimia, Encrucillada, Romaxe, Coordinadora de Crentes, Foro de Curas, Somos Igrexa...

No ano 1978 foi escollido polo seu pobo como o primeiro alcalde democrático de Narón e reelixido outra lexislatura. O seu traballo dotou a Narón de prestacións sociais, culturais, deportivas, sanitarias...hai uns anos puxéronlle o seu nome a unha rúa e ao complexo social da súa parroquia natal, O Val.

Non hai espazo para moito máis. Quero rematar achegando a miña experiencia persoal: topei sempre en Antón un home sereno, dunha fe profunda e liberadora. Austero, case pobre no vivir, sempre entregado e animoso, disposto a onde o chamasen. Persoa de escoita e de palabra reflexiva e contundente, sen falar nunca do eu senón de nosoutros. Fica en paz irmán Antón, e agradecidos por falarnos coa túa vida do Xesús, como escribiu Pepe Chao, aquel home de aldea. Fique a sementeira.

Foi o primeiro cura galego, sendo delegado de Cáritas e capelán do cemiterio, multado polo franquismo pola homilía no enterro das vítimas da represión. Ao non pagar a multa foi detido e encarcerado na prisión da Coruña e logo no mosteiro de Sobrado.

Victorino Pérez Prieto

Máis aló dos telefilms americanos

— Queixos de plástico

Parece que a educación avanza a pasos de xigante na utilización da tecnoloxía; laboratorios, audiovisuais (imaxen e son), vídeo, ordenadores. Nas revistas de educación pódense ler experiencias e actividades polas que se vai introducindo ós alumnos no mundo da técnica e do desenrolo. Ben é certo que isto non sucede en tódalas escolas nin en tódolos lugares da mesma forma. O mundo rural da nosa Galicia e da nosa España é unha mostra das diferencias que ainda existen xa dende a educación dos máis pequenos. E non nos queixamos por non ter máis laboratorios ou máis videos, porque tamén está demostrado que hai escolas con moita tecnoloxía pero con pouco coñecemento das cousas básicas da subsistencia (lémbrome daquela escola de Barcelona onde a ningún alumno de 6.º de E.X.B. se lle ocurría de qué se facía o queixo; sabíalles a plástico).

— Queixas da tecnoloxía

A nosa queixa aparece cando nos decatamos de que neste mundo e nesta época quen vai para adiante é quen posúe a técnica. Quen vai para adiante económicamente e, polo tanto, quen vai ter unha maior seguridade persoal e familiar e maior tempo para adicarse a outras cousas fóra do traballo. Non estaría de máis analisar o que se perde de humanidade e de relacións nestas melloras, pero non entraremos neste tema agora. Tamén é certo que todo depende de cómo se utilizan as cousas. Este é un problema que sucede a nivel mundial. E dunha forma moi descarada. Quero dicir o de que uns teñen nas súas mans a tecnoloxía e outros seguen traballando para sobrevivir, e punto. Mirando as cousas a este nivel

entón resulta que os que aquí estamos non estamos tan mal. Todo depende de con quen nos esteamos comparando. E claro, no mundo da tecnoloxía sempre as comparacións son mirando ó que ten un motor máis rápido e nunca co que vai de acabalo.

— Dime con quen te comparas...

Nos países non industrializados cada sete segundos nacen 12 nenos. Calcula-se que dentro de 15 anos dous destes 12 morrerán e os outros 10 coñecerán a enfermidade e a fame. Algúns sofrirán tódala vida problemas de saúde como consecuencia da desnutrición na infancia. Destes 10, 5 serán analfabetos e 3 non poderán completar o ensino primario. Soamente 2 estarán en condicións de realizar un traballo digno. Os 8 restantes estarán condenados a unha vida de miseria, enfermidade e fame.

Esta é unha verdade tan real coma a da tecnoloxía. E creo que debería terse en conta en toda experiencia educativa. Non para amargarmos senón para ser conscientes de que o mundo non é a parcela que nos solen presentar os telefilms americanos. Para que a nosa educación avanzara na técnica cun sentido de desenrolo comunitario e solidario con esas na tres cuartas partes da poboación mundial que sufre a opulencia da outra cuarta parte.

Marta Sopeña

IRIMIA nº 219 (16 fevereiro de 1986)

IRIMIA

Nº 1080 **OUTONO 2026** ANO XLIV